

NOTA INFORMATIVA DA MESA XERAL DE EMPREGADOS PÚBLICOS (30 DE MAIO) E DA COMISIÓN DE PERSOAL (2 DE XUÑO)

Nas xuntanzas mantidas o pasado 30 de maio co obxecto de celebrar Mesa Xeral de Negociación de Empregados Públicos e o 1 de xuño da Comisión de Persoal, tratáronse os seguintes puntos:

1. PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA RPT DA CONSELLERÍA DE FACENDA.

- **Xefaturas de Servizo provistas polo sistema de Libre Designación:** Dun total de 82 Xefaturas de Servizo, Facenda mantén a cobertura por libre designación de 23, o que supón un 28% do total. Para CSI•F isto supón un quebranto do compromiso do propio conselleiro de Facenda así como un incumprimento da propia Lei de Emprego Público de Galicia que establece que só "excepcionalmente" se cubrirán por LD as Xefaturas de Servizo. O 28% non é unha excepción.
- **Xefaturas de Servizo provistas polo sistema de Concurso Específico:** Consideramos que na RPT debería figurar a modalidade escollida (entrevista, memoria, etc) e a data máxima na que se levará cabo a convocatoria, e comezar a poñer en marcha as novas provisións por este sistema, toda vez que entendemos que non precisa de desenvolvemento regulamentario para a súa efectividade.
- **Incremento de nivel para os postos de interventor territorial:** CSI•F tampouco comparte que, mentres se lle nega a determinados colectivos subidas de niveis para romper agravios comparativos con outros colectivos da mesma categoría que fan as mesmas funcións (*caso dos Farmacéuticos Inspectores de Saúde Pública*, por exemplo) por alegar Facenda limitacións orzamentarias, sexa a propia Facenda a que non poña esas limitacións para subir o nivel aos seus Interventores Territoriais, incrementándolles o seu complemento específico do nivel 28 ao 30.

Na Comisión de Persoal de Persoal do día 1 de xuño de 2016 o sentido do voto foi o seguinte:

CIG: En contra, CC.OO: En contra, **CSI•F: En contra** e UGT: En contra

2. PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA RPT DOS ÓRGANOS SUPERIORES DA PRESIDENCIA. Dende a CSI•F destacamos os seguintes aspectos desta modificación:

- a. **Recoñécense** unha serie de **complementos** en dúas prazas de persoal laboral de toxicidade e perigosidade, así como o de especial dedicación, derivados do necesario cumprimento de sendas sentencias xudiciais. Dende a CSI•F entendemos que debería facerse unha análise dos postos de traballo e dos riscos presentes e incluír os complementos pertinentes sen necesidade de que os traballadores véxanse obrigados a acudir aos tribunais.
- b. **Recoñecemento do complemento pola realización de tarefas de condución a dúas prazas da agrupación profesional de subalternos.** Entendemos que as funcións realizadas efectivamente polos traballadores deben ser retribuídas, pero recordámoslle á Administración que a percepción deste complemento implica o establecemento na RPT dun requisito imprescindible que, ademais doutras consideracións, impide o acceso ás ditas prazas de calquera empregado público que non conte co permiso de conducir. Hai que ter en conta que o total de prazas que se convocan para a Agrupación Profesional de Subalternos na OPE de 2016 van destinadas á incorporación de persoas con discapacidade intelectual que dubidamos

moito que podan facer efectivo o seu dereito á mobilidade cun número de prazas cada vez maior con este requisito imprescindible. O dito requisito inclúese para a percepción do complemento como consecuencia dun acordo do Consello da Xunta que data do ano 2008, e que dende a CSI•F entendemos que ten que ser reformulado.

- c. **Provisión polo sistema de libre designación dunha xefatura de sección de Coordinación de nivel 25.** A xustificación da Administración de que se trata dun posto de LD resulta manifestamente insuficiente, e non creemos que sexa pertinente a "politización" dos postos de nivel 25. Consideramos que é un posto de CONCURSO, e polo tanto que esa debe ser a súa forma de provisión.

Na Comisión de Persoal de Persoal do día 1 de xuño de 2016 o sentido do voto foi o seguinte:

CIG: En contra, CC.OO: En contra, **CSI•F: En contra** e UGT: En contra

3. PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA RPT DE AGADIC.

Neste punto, CSI•F reiterase nas alegacións formuladas na reunión previa celebrada o pasado 13 de xullo de 2015. Pero fai especial fincapé nos seguintes aspectos:

- Rexeitamos calquera **amortización** na Agadic, especialmente a daquelas prazas que están ocupadas. Entendemos que isto e outro incumprimento máis do goberno cando afirmou que na Xunta de Galicia non se producirían despedimentos.
- Entendemos que a paraza de titulado/a grado medio, grupo II, categoría 7 e con código ED.A01.00.000.15770.025 debe incluírse no **proceso de consolidación**, tal e como ven de afirmar a propia Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa.
- Dende a CSI•F recriminamos á Dirección Xeral de Función Pública que emende a proposta de Agadic no que atinxe aos **Postos Directivos**. Segundo a proposta de Agadic, os Postos de Directivos estarían **abertos tanto aos subgrupos A1, A2 e C1**. Algo que era novidade na Xunta de Galicia e que daba estrito cumprimento ás previsións da Lei de Emprego Público de Galicia.

A Dirección Xeral de Función Pública, facendo gala do seu corporativismo e, unha vez máis, do desprezo que sente polos funcionarios que non pertencen ao subgrupo A1, de forma unilateral e sen razóns que o xustifiquen **pecha os postos de persoal Directivo unicamente ao sugrupo A1.**

Na Comisión de Persoal de Persoal do día 1 de xuño de 2016 retírase este punto da orde do día sen dar máis explicacións por parte de Función Pública nin por parte da consellería.

4. PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA RPT DA AXENCIA TRIBUTARIA DE GALICIA.

Durante o desenvolvemento da xuntanza a directora de ATRIGA comunica que se realizarán unha serie de cambios a petición da CSI•F na reunión previa mantida o día 18 de abril de 2015:

- 2 postos de **Xefatura de Negociado** nivel 18 na delegación da ATRIGA en Lugo non se van a abrir finalmente para a súa provisión por persoal doutras administracións.
- Respecto do **complemento informático** múdase a observación que constará na RPT que será "cando sexa vacante, específico do nivel xeneralizado"
- Con respecto ao postos de Xefatura Facultativo/a Superior na Delegación de Lugo, pedimos que se abra tamén á especialidade de Enxeñaría de Montes

- d. Con respecto á Xefatura de Sección Facultativo/a Técnico/a na Delegación de Lugo, dende a CSI•F pedimos que manteña coas titulacións de enxeñaría técnica agrícola e enxeñaría técnico forestal

Dende a CSI•F insistimos na idea de que os postos que se establecen nesta RPT para a súa provisión por **concurso específico** deben facer constas a modalidade escollida e a data máxima para a súa provisión polo novo sistema.

En todo caso, acollemos favorablemente os cambios comunicados pola Administración, sobre todo os referidos á retirada de apertura de postos a persoal doutras Administracións, pero seguimos reclamando que conste nos expedientes de modificación da RPT un certificado no que se acredita que non se incumpre o máximo do 7% establecido pola Lei.

Na Comisión de Persoal de Persoal do día 1 de xuño de 2016 o sentido do voto foi o seguinte:

CIG: En contra, CC.OO: A favor, **CSI•F: A favor**, toda vez que, a petición da CSI•F péchanse os postos de Xefatura de Negociado á Xunta de Galicia e ábrese o posto de Xefatura Facultativo/a Superior na Delegación de Lugo, á especialidade de Enxeñaría de Montes e UGT: En contra

5. PROXECTO DE ORDE polo que se modifica a Orde do 20 de decembro de 2013, conxunta da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e da Consellería de Facenda, pola que se regulan a ACREDITACIÓN, XORNADA E HORARIO DE TRABALLO, A FLEXIBILIDADE HORARIA E O TELETRABALLO DOS EMPREGADOS PÚBLICOS no ámbito da Administración xeral e do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia.

Con respecto a esta orde, introdúcese unha única modificación referida á posibilidade de compensar horas os venres pola tarde ata as 18.30 ou ás 20.00 horas. Concordamos coa Administración en que é unha incorporación positiva, pero tamén que podería facerse unha modificación máis ambiciosa e completa desta normativa.

Na Comisión de Persoal de Persoal do día 1 de xuño de 2016 o sentido do voto foi o seguinte:

CIG: Abstención, CC.OO: A favor, **CSI•F: A favor** e UGT: En contra

A petición da CSI•F, a Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa estudará a incorporación de medidas de flexibilización para aqueles traballadores con quendas de tarde e noite (como é o caso do CIXTEC).

6. MODIFICACIÓN DO DECRETO 37/2006, DE CONTRATACIÓN TEMPORAL:

Na Comisión de Persoal de Persoal o sentido do voto foi o seguinte: CIG: A favor, CC.OO: A favor, **CSI•F: A favor** e UGT: En contra

7. Na ROLDA DE ROGOS E PREGUNTAS, recibimos discutíronse os seguintes temas:

- Dende a CSI•F solicitamos que conste en acta a nosa queixa pola convocatoria da Comisión de Persoal correspondente aos temas que se están a tratar na Mesa Xeral durante o desenvolvemento da mesma.
- Polo que se refire á contratación de orientadores/promotores de emprego para a loita contra o fraude laboral, informouse que está prevista a prórroga dos ditos contratos. En canto a incluír os postos que actualmente ocupan estas persoas na correspondente

RPT co fin de que se consideren postos necesarios de forma permanente, o Director Xeral de Función Pública responde que neste momento non llo suscita en tanto que de facer a dita inclusión deberían finalizarse os contratos co persoal que actualmente desenvolve as ditas tarefas e pasar a contratar a outras 20 persoas que cumpran cos requisitos para o postos, polo que seguramente se procederá á prorroga dos ditos contratos. O que si reclamamos é que a decisión se tome canto antes.

- Na xuntanza reclamamos así mesmo a mediación do Director Xeral da Función Pública nas lexítimas reclamacións salariais dos Farmacéuticos Inspectores de Saúde Pública, ao que o Director contestou que está disposto a mediar no conflito se se lle fan chegar as reclamacións concretas deste colectivo. Creemos que a estas alturas e cando as catro organizacións sindicais levamos meses reclamando que as reclamacións dos compañeiros FISP se leven á Mesa Xeral de Negociación de Empregados Públicos a postura do colectivo ten que estar clara, pero en todo caso non será por nos que quede sen unha maior concreción se deste xeito se atende dunha vez aos problemas dun colectivo en cuxas mans está unha parte importante da saúde pública.

- Próximas convocatorias:

A Dirección Xeral de Función Pública informa que en "datas próximas" convocará ás OO.SS para tratar dos seguintes temas:

- Informe do persoal do SPDCFI á condición de bombeiro forestal
- Comisión de seguimento de xubilacións
- Comisión de seguimento de vacacións licenzas e permisos.